

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001367	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A área de Lingua estranxeira ten como obxecto formar persoas que poidan empregala para comprender, falar e conversar, ler e escribir, polo que o seu uso debe ser o punto de partida desde o inicio da aprendizaxe. Na Educación Primaria pátrese dunha competencia aínda moi elemental na lingua estranxeira, por iso, serán de gran importancia os coñecementos, capacidades e experiencias nas linguas que nenos e nenas coñecen para comprender e construír significados, estruturas e estratexias durante a súa participación en actos de comunicación. A comprensión das diferentes situacións de comunicacións e o coñecemento da estrutura dos textos, axudaralles a identificar e adquirir os elementos lingüísticos concretos presentes nun acto comunicativo.

O eixo da área de Lingua Estranxeira neste currículo, constitúeno os procedementos dirixidos á consecución dunha competencia comunicativa efectiva oral e escrita, en contextos sociais significativos que permita expresarse con progresiva eficacia e corrección e que abarque todos os usos e rexistros posibles.

O CEIP Plurilingüe de Abanqueiro é un centro público situado no Lugar de Exipto, Parroquia de Abanqueiro no concello de Boiro, provincia de A Coruña. Trátase dunha zona costeira no sur da provincia da Coruña.

O CEIP Plurilingüe Abanqueiro é un centro público de Educación Infantil e Primaria dunha soa liña. A aula de 1º está formada por 24 nenos e nenas, entre os cales se atopan casos de aneae.

O centro destaca por ser respetuoso con tódalas crenzas, plural, tolerante e democrático, co fin de que o alumnado vaia formando o seu propio criterio e poida tomar decisións responsables.

Considerando a realidade socio-lingüística das familias que forman parte da comunidade educativa do centro, así como o entorno onde está ubicado, a lingua vehicular de aprendizaxe do centro é o galego. Non obstante, o uso do castelán é un dereito recoñecido a tódolos membros da comunidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Back to school	Con esta unidade didáctica preténdese retomar a volta á escola, repasando os principalmente o vocabulario do curso anterior e o estado inicial dos alumnos.	16	12	X		
2	What`s in your classroom?	Con esta unidade preténdese retomar a volta á escola, repasar coñecementos anteriores así como o coñecemento dos elementos básicos que se atopan na clase.	17	12	X		
3	How are families different?	Traballar os diferentes tipos de familia así coma os membros que a conforman.	17	12		X	
4	Where do pets live?	Identificar diferentes mascotas e as súas características (tamaño, cores...)	17	12		X	
5	What do monsters look like?	Recoñecer as diferentes partes do corpo.	17	11			X
6	What food and drink do you like?	Coñecer diferentes tipos de alimentos e bebidas.	16	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Back to school	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Interpretar palabras e expresións básicas en lingua estranxeira de maneira oral.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar de maneira autónoma frases curtas e sinxelas en lingua estranxeira.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Producir mensaxes moi breves e sinxelos en lingua estranxeira.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Reflexionar sobre aspectos elementais do funcionamento.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación en lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
2	What`s in your classroom?	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa frases sinxelas.	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresa mensaxes básicos.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imita diferentes situacións.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica estratexias básicas.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiáns e habituais.	Mostra Interés pola comunicación intercultural.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Aprecia a diversidade lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

Contidos

- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	How are families different?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar de maneira oral frases curtas e sinxelas en lingua estranxeira.	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Utiliza recursos para producir mensaxes.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utiliza estratexias elementais para expresar mensaxes.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explica información básica.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Explica progresos no proceso de ensinanza.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Identifica discriminacións e prexuízos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Aprecia a diversidade lingüística e coñece os seus elementos culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Where do pets live?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes breves.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Comparar diferenzas entre distintas linguas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).

UD	Título da UD	Duración
5	What do monsters look like?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Utilizar de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves,	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar estratexias para saudar, despedirse e presentarse.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar e mellorar a súa capacidade comunicativa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
6	What food and drink do you like?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas información básica.	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes breves.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar información básica.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar e explicar dificultades na aprendizaxe de lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.

Contidos

- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Estranxeira debe introducir aos alumnos na aprendizaxe do inglés como o adestramento para o uso activo do Inglés; para comunicarse no mundo real coa lingua que aprenderon. Centrarémonos en contextos familiares para os alumnos desta idade, aproveitando os coñecementos previamente adquiridos e as capacidades e experiencias que posúe. Se fomentará un uso da lingua contextualizado en situacións comunicativas propias de diversos ámbitos e que permitan un uso da lingua real e motivador.

Para desenvolver a comprensión oral poñeranse en xogo estratexias que permitan interpretar, valorar e relacionar a información que se transmite na vida cotiá, como a técnica do *¿role-play¿*, que consiste na dramatización espontánea de pequenas situacións que trasladen ao alumnos a situación real de aprendizaxe empregando os contidos previamente traballados.

Os alumnos realizarán variedade de actividades, audición, interpretación, debuxo, colorear, relacionar, rodear, preguntar e dar información, etc.

A integración das Competencias e as Intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a.

A través de actividades e proxectos os alumnos poden desenvolver as súas capacidades en torno á resolución das actividades e organización do traballo, dos contidos e dos materiais que se van a utilizar, e en relación coa elaboración e presentación do proxecto, o seu corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

Terase en conta a nivel metodolóxico o Plan de Dinamización TIC e o Plan Dixital: facendo búsquedas básicas en internet, coñecendo diferentes medios de comunicación, realizando diferentes actividades online... Sempre tendo en conta as nocións básicas que esto conleva (contrasinais, teclado, rato...) así coma os perigos da rede.

A metodoloxía poderíamos resumila en:

Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos

Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de quinto curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia

Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual, en parellas e en grupo, e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.

Fichas de reforzo para traballar cos aspectos con máis dificultade. Utilización de DVD, CDs como material complementario.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Kids Can Pupil's book 1
Recursos TIC: genially, xogos para a PDI, liveworksheets...
Manualidades, xogos de mesa, contos...

Sobre este libro tratarán as diferentes temáticas traballadas na clase a través de xogos, cancións, historias... Sendo complementadas tanto co material que trae o propio método (flashcards, tests, images...) coma outros.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As primeiras sesións do curso adócanse a coñecer os coñecementos previos do alumnado (pronunciación, escoita, comprensión e fluidez na expresión oral) a través de xogos, cancións e preguntas en lingua oral. Esta información gardarase e terase en conta ó longo de todo o curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	17	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e os obxectivos fixados.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumnado e as familias das cualificacións obtidas. A asignatura dividirase en temas ou unidades didácticas que se repartirán ao longo das tres avaliacións.

Realizaranse dúas probas escritas ou orais por trimestre, unha a metade do mesmo e outra ao final, nas que se avaliará a materia de forma globalizada.

A avaliación será formativa e continua, realizarase ao longo do proceso de aprendizaxe e permitirá coñecer a situación do alumno en cada momento de forma que poidan introducirse as adaptacións necesarias.

Os alumnos serán avaliados do 1 ao 10. Para aprobar a materia deberán obter na súa cualificación final unha nota mínima de 5 de acordo aos seguintes criterios de cualificación.

- Probas orais e/ou escritas : 40%.
- Tarefas orais e escritas e participación en actividades comunicativas de produción oral e comprensión: 40%.

- Actitude : 20%.

Cráterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

O alumnado que non siga o ritmo do grupo poderá recibir apoios e reforzos educativos.

6. Medidas de atención á diversidade

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.

- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...

- **PLANS INDIVIDUAIS:** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades específicas de apoio educativo e altas capacidades) con fichas de reforzo e/ou ampliación.

- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

- **FICHAS DE REFORZO E AMPLIACIÓN:** para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado.

- **ENSINO TITORADO:** co fin dun maior achegamento e coñecemento das dificultades dos iguais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre ambos sexos.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación do consumidor.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación moral e cívica.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación ambiental.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

De maneira paralela a aprendizaxe de lingua estranxeira terase en conta a educación en valores a través dos elementos transversais no día a día da aula a través de pequenas experiencias e vivencias.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ó teatro	O alumnado de 1º EP fará unha saída o teatro para ver a obra Seven goats.		X	
Conmemoracións da escola	Samaín, Magosto, Nadal, Entroido...	X	X	X
Conmemoracións específicas en lingua inglesa	Halloween, Christmas, Saint Patrick Day, St Valentine's Day...	X	X	X
Visitas ao centro	Contacontos, profesionais de distintos sectores, concertos, grupos de teatro...		X	X
CP Innova: linguas	Para traballar o Contrato Programa no que estamos incritos realizaremos diferentes actividades coma contos, adiviñas...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuar a programación ao marco temporal e ás condicións específicas do alumnado.
Metodoloxía empregada
Buscar a motivación e o interese destes cara á materia, intercalando actividades que permitan romper a monotonía diaria da explicación.
Clima de traballo na aula
Procurar mediante o diálogo cos alumnos a revisión das actividades propias da materia para unha posible mellora da práctica docente.
Outros
Facer unha análise obxectiva dos resultados conseguidos en cada avaliación adoptando as medidas pertinentes que permitan ao alumnado conseguir de forma satisfactoria as competencias claves.

Descrición:

A avaliación da propia programación será paralela á aplicada co alumnado e abarcará os aspectos descritos anteriormente a rasgos xerais.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A final do curso realizarase unha valoración desta programación e incluíránse as posibles modificacións para o vindeiro curso de acordo co seguinte modelo:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos:
 - Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
 - Existe unha distribución temporal equilibrada.
 - O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
- Utilización dunha metodoloxía adecuada:
 - Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.
 - Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).
 - A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
- Regulación da práctica docente:
 - Grao de seguimento dos alumnos.
 - Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
 - Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias:
 - Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos.
 - Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
 - Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
 - Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade:
 - Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
 - Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
 - As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
 - Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados